

DOTACIÓN ECONÓMICA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

PRIMEIRO: Que cada un dos grupos municipais constituídos conte cunhas dotacións económicas coas seguintes características:

Compoñente fixo mensual por cada grupo: 350,00 €

Compoñente variable mensual: 300,00 € por cada concelleiro que integre o grupo.

SEGUNDO: Tendo en conta os grupos constituídos, e segundo a composición derivada dos resultados acadados nas eleccións municipais celebradas o 26 de maio de 2019, a dotación económica de cada un dos grupos municipais, é a que de seguido se indica:

GRUPO MUNICIPAL	Nº CONCELLEIROS	COMPONENTE FIXO	COMPONENTE VARIABLE	TOTAL MENSUAL	TOTAL ANUAL
PSdeG-PSOE	9	350,00	300,00	3.050,00	36.600,00
PP	9	350,00	300,00	3.050,00	36.600,00
BNG	2	350,00	300,00	950,00	11.400,00
ESQUERDA UNIDA	1	350,00	300,00	650,00	7.800,00

TERCEIRO: A periodicidade do recoñecemento da obriga e do pago será de carácter mensual, o presente acordo producirá efectos económicos a partir do mes seguinte ao da súa aprobación polo Pleno da Corporación.

QUINTO: Os grupos municipais quedan sometidos, a efectos da percepción das dotacións económicas, as seguintes normas segundo o previsto no artigo 73 da Lei 7/1985 de 2 de abril:

- Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica das asignacións económicas.
- Dita contabilidade se terán que poñer a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o requira.
- Deben comunicar o NIF ós servizos económicos do Concello con anterioridade ó pago da primeira asignación.
- Os fondos percibidos por este concepto non poden destinarse ao pago de remuneracións ao persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación nin á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.
- De conformidade co disposto no acordo plenario de 26 de abril de 2018 toda a información achegada polos grupos políticos municipais, no referente aos seus ingresos e gastos farase pública subíndoa ao apartado de Transparencia da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa (<https://sede.vilagarcia.gal>)
- As cantidades non xustificadas ou non xustificadas adecuadamente, deben ser obxecto de reintegro a favor do Concello.
- Cada grupo político remitirá á Intervención Municipal a contabilidade das asignacións e a documentación xustificativa dos gastos realizados no primeiro mes de cada ano, comprensiva da asignación correspondente a anualidade anterior.

